

Guía Facultade de Óptica e Optometría

CURSO 2025-26

FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA

UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Campus Vida

INFORMACIÓN XERAL DO CENTRO

Equipo de goberno	5
Persoal de administración e servizos	5
Delegación do alumnado	6
Órganos de goberno da Facultade e Comisións	7
Infraestruturas: aulas e laboratorios, biblioteca	9
Normativa	9
Plan de acción tutorial	10
Departamentos con docencia no centro	12
Profesorado con docencia no centro	13
Grupos de Investigación con sede no centro	15
Clínica de Optometría (Servizo de Optometría)	16
Servizo Perda Sensorial Dual e Audioloxía	19
GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA	20
Información xeral	20
Obxectivos e competencias	21
Saídas profesionais	26
Organización do plan de estudos por módulos	26
Organización do plan de estudos por curso	28
Mobilidade	30
Planificación docente	32
Calendario académico curso 2025-26	32
Horario docencia expositiva e interactiva seminarios	23
Horario de prácticas	35
Prácticas tuteladas	36
Traballo Fin de Grao	38
Calendario de Exames	40
DOBRE GRAO EN FARMACIA E ÓPTICA E OPTOMETRÍA	46
Información xeral	47
Plan de estudos	48
MÁSTER EN OPTOMETRÍA	51
Información xeral	52
Obxectivos e competencias	53
Plan de Estudos	54
Prácticas Externas	57
Traballo Fin de máster	59
Calendario de exames	60

A Guía da Facultade de Óptica e Optometría da Universidade de Santiago de Compostela pretende informar do funcionamento da Facultade, difundir a súa oferta docente e asistencial e ofrecer información xeral de utilidade para o alumnado e profesorado: orientacións sobre o funcionamento da administración e servizos, plan de estudos, programación docente do curso, calendarios, datas de exames, regulamentos e normativas, programas de mobilidade.

Na actualidade o noso Centro ofrece ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, e que son: O Grao en Óptica e Optometría, o Dobre Grao en Óptica e Optometría, e o Máster en Optometría.

O plan de estudos do Grao en Óptica e Optometría realizouse de acordo á *Orden 727/2009, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de Óptico-Optometrista*, orden ministerial na que se establecen as competencias que o estudante debe adquirir e os módulos de formación que debe incluír e plan de estudos: módulo de formación básica, módulo de óptica, módulo de patoloxía, módulo de optometría, as prácticas externas e o Traballo Fin de Grao. Ademais, é un plan de estudos que segue o modelo dos máis altos estándares desta titulación noutros países, como é o caso do Reino Unido, e que se axusta ós requirimentos establecidos polo diploma europeo en optometría, o referente para esta titulación en Europa.

O Grado en Óptica e Optometría foi deseñado para formar Titulados Universitarios que participen activamente no coidado da saúde visual da sociedade, é dicir, profesionais Ópticos Optometristas. A profesión de Óptico Optometrista é unha profesión sanitaria, regulada pola *Ley 44/2003, de 21 de noviembre, de ordenación de las profesiones sanitarias*. Trátase dunha profesión regulada e independente de atención primaria de la saúde visual; unha profesión con tres vertentes: a de previr, detectar e solucionar problemas visuais.

Ofrecemos tamén a titulación de Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría, titulación que se comezou a impartir no curso 2017-18.

En canto a titulación de Máster en Optometría, impartido en modalidade híbrida ou semipresencial, trátase dunha titulación de posgrao a través da que os estudantes poderán mellorar seus coñecementos básicos y aplicados a optometría, así coma iniciarse á investigación.

Con esta guía preténdese proporcionar información de interese para o alumnado e tamén para o profesorado. En calquera caso, sempre estaremos en disposición para calquera consulta que se considere oportuna.

A Decana
Santiago de Compostela, 15 xullo 2025

FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA

INFORMACIÓN XERAL

Equipo de Goberno

Persoal de administración e servizos

Delegación de alumnos

Órganos de Goberno do centro

Infraestruturas

Normativa

Plan de acción tutorial

**Departamentos e Profesorado con
docencia no centro**

**Grupos de investigación con sede no
centro**

INFORMACIÓN XERAL DO CENTRO

EQUIPO DE GOBERNO

Decano/a

M^a Jesús Giráldez Fernández

Tfno.: 8818 13516

correo electrónico: mjesus.giraldez@usc.gal / facultade.opticaeoptometria@usc.gal

Vicedecano/a

Hugo Pena Verdeal

Tfno.: 8818 13514

correo electrónico: hugo.pena.verdeal@usc.gal

Secretario/a de Facultade

Carlos García Resúa

Tfno.: 8818 13515

correo electrónico: carlos.garcia.resua@usc.gal

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Responsable da Unidade de Xestión

Mosí Domínguez Casáis

Teléfono: 8818 13545

correo electrónico: mosi.dominguez@usc.gal

Responsable de Asuntos Económicos

José Manuel Vázquez Morán

Teléfono: 8818 13584

correo electrónico: jmanuel.vazquez@usc.gal

Secretaría de Decanato

Natalia Doval Maside

Teléfono: 8818 13516

correo electrónico: natalia.doval@usc.gal

Conserxería

Gerardo Piñeiro Pérez (quenda de mañá)

correo electrónico: gerardo.pineiro.perez@usc.gal

Teléfono: 8818 13510

Pedro Senín Piñeiro (quenda de mañá)

correo electrónico: pedro.senin@usc.gal

Teléfono: 8818 13510

Jesús Sánchez Lojo (quenda de tarde)

correo electrónico: jesus.sanchez.lojo@usc.gal

Teléfono: 8818 13510

Persoal Técnico de Investigación

Mercedes Miñones Conde

Teléfono: 8818 13624

correo electrónico: m.minones@usc.gal

Miguel Ángel Ferreira Casal

Teléfono: 8818 13528

correo electrónico: miguelangel.ferreira@usc.gal

Manuel Caamaño Bouzas

correo electrónico: manuel.caamano@usc.gal

Teléfono: 8818 13510

Miriam Mª Vieites Mariño

correo electrónico: miriam.vieites@usc.es

Teléfono: 8818 13514

Eva Vigo Ramos

correo electrónico: eva.vigo@usc.gal

Teléfono: 8818 13530

Maximino Pardo Lourido (quenda parcial)

Correo electrónico: maximino.pardo@usc.gal

Teléfono: 8818 13536

PERSOAL DA BIBLIOTECA INTERCENTROS

Director**Francisco Javier Redondo Aboal**

correo electrónico: fran.redondo@usc.gal

Teléfono: 8818 13950

Persoal na sala de lectura de Óptica e Optometría**Lara Francisca Portolés Argüelles** (quenda de mañá)

Correo electrónico: lara.portoles@usc.es

Teléfono: 8818 13555

Francisco Cotón Raña (quenda de tarde)

Correo electrónico: francisco.coton@usc.gal

Teléfono: 8818 13555

DELEGACIÓN DO ALUMNADO

A Delegación de Alumnos e Alumnas é o órgano de representación do alumnado que ten por obxectivo a representación dos intereses dos estudantes nos diferentes órganos de goberno da Facultade e da Universidade de Santiago de Compostela.

A delegación dispón dun local situado no primeiro andar da facultade, enfronte das aulas e a pouca distancia da Biblioteca, no que manteñen as súas reunións

Delegados de curso

Primeiro:

Segundo:

Terceiro:

Cuarto:

Alumnos titores programa “A Ponte”

Paula Fernanda Gavilanes Robalino

Aitana González Conde

Pablo Troncoso Dapía

Estudantes representantes na Xunta de Centro

Bellas Bañobre, Álvaro

Freiría Durán, Daniel

Casal Angustia, Lucía

López Barreiro, Manuela

Reis Padín, Jaime Dos

Rey Rodríguez, Guillermo

Rouco Pais, Miriam

Veiga Barreiro, Mariña

Veiga Vázquez, Diego

ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULDADE E COMISIÓNS

COORDINADORES E RESPONSABLES

(Xunta Ordinaria 22/05/2022)

COORDINADORES TITULACIÓNS:

- Coordinador Título de Grao: Carlos García Resúa
- Coordinador Título de Máster: Hugo Pena Verdeal

COORDINADORES PRÁCTICAS:

- Coordinadora Prácticas Tuteladas Grao: Dolores Ferreiro Figueiras
- Coordinadora Prácticas Externas Máster: María Covadonga Vázquez Sánchez

COORDINADORES CURSO

- Coordinadora de **1º** curso: Beatriz Magariños Ferro
- Coordinador de **2º** curso: Javier González Pérez
- Coordinadora de **3º** : Eva Yebra-Pimentel Vilar
- Coordinadora de **4º** curso: María Covadonga Vázquez Sánchez

RESPONSABLES

- Responsable de **Calidade**: Carlos García Resúa
- Responsable de **TFG**: Beatriz Magariños Ferro
- Responsable de **TFM**: María Covadonga Vázquez Sánchez
- Responsable Académica de **Mobilidade**: Eva Yebra-Pimentel Vilar
- Responsable do **Programa A Ponte**: Carlos García Resúa
- Responsable de **Desenvolvemento Sostible**: Javier González Pérez

COMISIÓNS

- [Comisión de Título](#)
- [Comisión de Calidade](#)
- [Comisión de Asuntos Económicos Administración, Servizos e Espazos](#)
- [Comisión de Biblioteca](#)
- [Comisión de Normalización Lingüística](#)
- [Comisión de Xénero](#)
- [Comisión académica de Máster](#)
- [Comisión de TFG](#)
- [Comisión de TFM](#)
- [Comisión de Bioética](#)

Xunta de Facultade

Comisión de
Calidade

Comisión do Título
de Grao en Óptica e
Optometría

Comisión Académica do
Máster en Optometría

Comisión de
Asuntos
Económicos,
Administración,
Servizos e Espazos

Comisión de
Biblioteca

Comisión de
Normalización
lingüística

Comisión de TFG

Comisión de TFM

Comisión de Prácticas
Tuteladas

Comisión de Bioética

Comisión de Xénero

INFRAESTRUTURAS

AULAS E LABORATORIOS

BIBLIOTECA INTERCENTROS

NORMATIVA

NORMATIVA XERAL DA USC

Normativa estudantes



[Normativa asistencia a clases](#)



[Normativa dispensa de asistencia](#)



[Modificación Normativa de Permanencia](#)



[Normativa Avaliación rendemento](#)



[Regulamento de Matrícula, Elaboración e Defensa do TFG e TFM da USC](#)



[Recoñecementos e transferencia de créditos](#)

NORMATIVA INTERNA DA FACULDADE



[Regulamento de réxime interno](#)



[Regulamento TFG Óptica e Optometría](#)



[Normas Prácticas Tuteladas](#)



[Autorización realización de prácticas Servizo Optometría](#)



[Regulamento Traballo Fin de Máster](#)

OUTRAS NORMATIVAS

O alumnado poderá consultar na páxina web da Universidade as [Normativas relativas aos estudos na USC](#).

A [Convocatoria de matrícula](#) do curso académico 2025/2026

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Óptica e Optometría presenta o conxunto ordenado de accións previamente planificadas que ten por finalidade guiar, orientar e acompañar ao alumnado durante os seus estudos universitarios. Está dirixida a facilitar a súa integración na institución, e serve de ponte entre o alumnado e os diferentes servizos. Ademais, contribúe a personalizar a educación universitaria e da soporte ao alumnado no seu proceso de formación nas titulacións que se imparten no Centro: Grao en Óptica e Optometría, Dobre Grao en Óptica e Optometría e Máster en Optometría.

As accións que integran o PAT planifícanse, desenvólvense e avalíanse segundo o proceso *PC-03 Apoio a estudantes* do [Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría](#).

O PAT da Facultade de Óptica e Optometría aprobouse na Comisión de Calidade do Centro con data 21/11/2019 e posteriormente na Xunta de Facultade con data 29/11/2019.

Obxectivos

Obxectivo xeral

Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para o estudiantado dos títulos que se imparten na Facultade de Óptica e Optometría.

Obxectivos específicos

- Facilitar ao estudante a integración no sistema universitario.
- Facilitar información aos estudantes sobre aspectos académicos relacionados do desenvolvemento dos plans de estudo, horarios, sistema de avaliación, outras actividades académicas, saídas profesionais, sistemas de traballo, tempo de estudo etc.
- Dotar ao estudante dun instrumento de orientación e apoio que lle facilite a base do seu propio proxecto académico.
- Orientar na traxectoria curricular.
- Informar sobre saídas profesionais.
- Buscar mecanismos de apoio e mellora para a comunicación entre os estudantes.

ACTIVIDADES

As actuacións en orientación e tutoría planificadas na Facultade de Óptica e Optometría para os estudantes do Grao en Óptica e Optometría e do Máster en Optometría son as seguintes:

Para alumnado de inicio de estudos

- Xornada de acollida
Na xornada de acollida participan o equipo decanal, a Directora do Servizo de Optometría, o profesor/a coordinador/a de primeiro curso, e os alumnos/as titores/as do programa A ponte.
Proporciónase información sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento do plan de estudos que inician, así como dos diferentes servizos que ofrece a USC de cara a facilitarlle a súa integración no sistema universitario.
- Visita instalacións da Facultade.
Realizada polo equipo decanal e alumnado titor do [Programa a Ponte](#) da USC.
A participación do alumnado titor nestas actividades permite poñelos en contacto cos novos estudantes dende o inicio de curso, e logo a través do correo opticaeoptometria.alumnostitores@usc.es, para calquera orientación que puideran necesitar.
- Curso de introdución ao uso da Biblioteca
- Indicacións/recomendacións para o estudo dalgunhas materias.

Acción que realizará o/a coordinador/a da materia, curso e título.

Actuacións ao longo do desenvolvemento dos estudos

- **Mobilidade**
Charla informativa/orientación do coordinador/a de título e Responsable Académica de Mobilidade (RAM) sobre programas de mobilidade, que ten lugar a principios de Novembro.
Atención ao estudantado entrante para facilitarlles a integración no sistema universitario.
Acción que realizará Coordinador/a Título, RAM e alumnado tutor.
- **Charla informativa/orientación TFG/TFM.**
Charla informativa na que, coa Guía de TFM ou TFG como referente, daranse indicacións e resolveranse dúbidas. Terá lugar ao final do primeiro semestre.
- **Charla informativa/orientación Prácticas Tuteladas (Grao) e Prácticas Externas (Máster).**
Charla informativa na que, coa Guía de Prácticas Tuteladas ou Guía de Prácticas Externas como referente, daranse indicacións e resolveranse dúbidas. Terá lugar ao final do primeiro semestre.
- **Programa de [Apoio Titorial Extraordinario da USC](#).**
Solicítase na súa secretaría virtual, nos prazos establecidos en cada curso académico para tal fin (Primeiro período, para materias do 1º semestre e anuais, sobre a segunda quincena de setembro; segundo período, para materias de 2º semestre, sobre a primeira quincena de febreiro).

Actuacións na finalización de estudos

- **Orientación saídas profesionais**
 - Visita persoal CNOO de Galicia.
 - Información sobre busca de emprego e emprendemento. [Área de Orientación Laboral da USC](#)
 - Publicación na Web da facultade das ofertas de traballo recibidas no correo electrónico da facultade.
- Sesión informativa de orientación sobre oferta de formación de posgrao.

Actuacións de aplicación xeral para todo o estudantado

Manteranse informados a todos/as estudantes das convocatorias que lles poidan ser de interese a través da delegación do alumnado (opticaeoptometria.delegacionalumnos@usc.es).

Accións de seguimento: En cada un dos cursos o/a coordinador/a de curso porase en contacto co/coa estudante delegado/a de curso e profesorado que corresponda, a metade e ao final de cada semestre.

Formación extracurricular en óptica-optometría

Ao longo do curso organizarase un programa de conferencias/charlas, que poñan en contacto aos estudantes co ámbito profesional e empresarial do sector, así como charlas de contido científico.

DIFUSIÓN

A difusión do PAT realizarase a través de tres vías:

- **Guía de cada titulación.** Inclúirase o PAT da Facultade de Óptica e Optometría na guía do centro.
- **Páxina web da Facultade.** Inclúirase na páxina web da Facultade un apartado no que se incluírá toda a información relativa ao PAT.
- **Sesións de acollida.** Nas sesións de acollida organizadas polo equipo decanal ao comezo de curso informarase ao alumnado da existencia do PAT.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Realizarase ao finalizar o curso académico, a través de enquisas propias do centro que serán analizadas na Comisión de Título e informadas na Comisión de Calidade.

Esta avaliación servirá fundamentalmente para recoller as dificultades e problemas da aplicación do PAT e as suxestións de mellora, co fin de adaptalo ás características e necesidades do estudantado do Grao en Óptica e Optometría e do Máster en Optometría.

DEPARTAMENTOS

Departamentos que imparten docencia neste centro:

Biloxía Funcional

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/bioloxia-funcional>

Correo electrónico: departamento.biofuncional@usc.es

Teléfono: 8818 13385

Bioquímica e Bioloxía Molecular

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/biobmog>

Correo electrónico: bnsec@usc.es

Teléfono: 8818 12263

Ciencias Morfolóxicas

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/ccmorg>

Correo electrónico: cmsec@usc.es

Teléfono: 8818 12301

Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/cemc>

Correo electrónico: departamento.cemqsec@usc.es

Teléfono: 981950808

Economía Financeira e Contabilidade

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/ecficog>

Correo electrónico: departamento.economiafinanceira@usc.gal

Teléfono: 8818 11629

Estatística, Análise Matemática e Optimización

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/ameo>

Correo electrónico: departamento.eamo@usc.es

Teléfono: 8818 13201

Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/fftf>

Correo electrónico: departamento.fftf@usc.es

Teléfono: 8818 14898

Física Aplicada

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/fisaplg>

Correo electrónico: fasec@usc.es

Teléfono: 8818 14035

Fisioloxía

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/fisiolg>

Correo electrónico: fssec@usc.es

Teléfono: 8818 12259

Matemática Aplicada

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/mataplig>

Correo electrónico: masec@usc.es

Teléfono: 8818 13184

Microbioloxía e Parasitoloxía

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/micrparag>

Correo electrónico: mpsec@usc.es

Teléfono: 8818 14945

Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

Enderezo Web: <http://www.usc.es/gl/departamentos/prsp>

Correo electrónico: departamento.prsem@usc.es

Teléfono: 981950901

PROFESORADO CON DOCENCIA NO CENTRO

DIRECTORIO TELEFÓNICO - DEPARTAMENTO E ÁREA

O nº de teléfono de acceso externo é o composto por 8818+Extensión. O enderezo electrónico do profesorado pódese consultar na páxina <http://www.usc.es/gl/web/directorio.html>

GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA

Nome	Teléfono	Dpto.	Área	Correo electrónico
ABALO LOJO, JOSE MANUEL		Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	josemanuel.abalo.lojo@usc.gal
ÁLVAREZ CASTRO, EZEQUIEL	8818 15530	Farmacoloxía	Farmacoloxía	ezequiel.alvarez@usc.gal
AMIGO POMBO, ALFREDO JOSÉ	8818 14053	Física Aplicada	Física Aplicada	alfredo.amigo@usc.gal
ANDRADE BALIÑO, MANUEL		Matemática Aplicada	Astronomía e Astrofísica	manuel.andrade@usc.gal
ARINES PIFERRER, JUSTO	8818 13509	Física Aplicada	Optometría	justo.arines@usc.gal
AROSA LOBATO, YAGO	8818 13530	Física Aplicada	Óptica	yago.arosa.lobato@usc.gal
BANDE RODRIGUEZ, MANUEL FRANCISCO		Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	manuelfrancisco.bande@usc.gal
BAO VARELA, M ^a CARMEN	8818 13512	Física Aplicada	Óptica	carmen.bao@usc.gal
BARCA MAYO, OLGA		Fisioloxía	Fisioloxía	olga.barca.mayo@usc.gal
BEN BATALLA, M ^a ISABEL		Fisioloxía	Fisioloxía	misabel.ben@usc.es
BROCOS FERNÁNDEZ M ^a PILAR	8818 13961	Física Aplicada	Física Aplicada	pilar.brocoss@usc.gal
CALO SANTIAGO, ROSA	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	rosa.calo@usc.gal
CALVO IGLESIAS, MARIA ENCINA	881813961	Física Aplicada	Física Aplicada	encina.calvo@usc.gal
DÍAZ RUIZ, MARÍA DEL CARMEN	8818 12463	Ciencias Morfolóxicas	Anatomía e Embrioloxía Humana	mdelcarmen.diaz@usc.gal
DOMÍNGUEZ MEIJIDE, ANTONIO		Ciencias Morfolóxicas	Anatomía e Embrioloxía Humana	antonio.meijide@usc.gal
DUBRA FERNÁNDEZ, ALEXANDER	8818 13610	Física Aplicada	Optometría	alexander.dubra@usc.gal
FANDIÑO FERNÁNDEZ, JOSE M	981950808	Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	josemaria.fandino@usc.gal
FERREIRO FIGUEIRAS, DOLORES	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	dolores.ferreiro@usc.gal
FRAGA PUMAR, ELENA	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	elena.fraga.pumar@usc.gal
GARCÍA DOMÍNGUEZ, GONZALO	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	gonzalo.garcia.dominguez@usc.gal
GARCÍA GUIMAREY, MARIA JESUS		Física Aplicada	Física Aplicada	mariajesus.guimarey@usc.gal
GARCÍA MONTERO, SILVIA	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	silvia.garcia.montero@usc.gal
GARCÍA PORTA, NERY	8818 13530	Física Aplicada	Óptica	nery.garcia.porta@usc.gal
GARCÍA QUEIRUGA, JACOBO	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	Jacobogarcia.queiruga@usc.gal
GARCÍA RESÚA, CARLOS	8818 13515	Física Aplicada	Optometría	carlos.garcia.resua@usc.gal
GARRIDO GIL, PABLO		Ciencias Morfolóxicas	Anatomía e Embrioloxía Humana	pablo.garrido@usc.gal
GIGIREY PRIETO, LUZ M.	8818 13521	Física Aplicada	Optometría	luz.gigirey@usc.gal
GIRÁLDEZ FERNÁNDEZ, M. JESÚS	8818 13526	Física Aplicada	Optometría	mjesus.giraldez@usc.gal
GÓMEZ DURÁN, AURORA		Bioquímica e Bioloxía Molecular	Bioquímica e Bioloxía Molecular	aurora.gomez@usc.gal
GÓMEZ VARELA, ANA ISABEL	8818 11000	Física Aplicada	Óptica	anaisabel.gomez@usc.gal
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, ROSA	8818 13518	Física Aplicada	Óptica	rosa.gonzalez@usc.gal
GONZÁLEZ GARCÍA, FRANCISCO	981950808	Cirurxía	Oftalmoloxía	francisco.gonzalez@usc.gal
GONZÁLEZ PEREZ, JAVIER	8818 13537	Física Aplicada	Optometría	javier.gonzalez@usc.gal
LEMA GESTO, MARÍA ISABEL	8818 13523	Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	mariaisabel.lema@usc.gal
LÓPEZ LAGO, MARÍA ELENA	8818 13518	Física Aplicada	Óptica	elena.lopez.lago@usc.gal
LÓPEZ PÉREZ, SUGHEY DE JESUS		Economía Financeira e Contabilidade	Economía Financeira e Contabilidade	sugheydejesus.lopez@usc.gal

MAGARIÑOS FERRO, BEATRIZ	8818 16914	Microbioloxía. e Parasitoloxía	Microbioloxía	beatriz.magarinos@usc.gal
MONTERO ORILLE, CARLOS	8818 13506	Física Aplicada	Óptica	carlos.montero@usc.gal
MOURIZ CEREIJO, M. DOLORES	8818 13519	Física Aplicada	Óptica	mariadolores.mouriz@usc.gal
MUÑOZ PATIÑO, ANA MARÍA	8818 12221	Ciencias Morfolóxicas	Anatomía e Embrioloxía Humana	anamaria.munoz@usc.gal
NISTAL FERNÁNDEZ, M. CONCEPCIÓN	8818 13529	Física Aplicada	Óptica	mconcepcion.nistal@usc.gal
NOIA GULDRÍS, MANUEL	8818 16948	Biología Funcional	Biología Celular	manuel.guldris@usc.gal
PENA VERDEAL, HUGO	8818 13614	Física Aplicada	Optometría	hugo.pena.verdeal@usc.gal
PÉREZ BALADRÓN, ADRIÁN	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	adrianperez.baladron@usc.gal
PÉREZ FERNÁNDEZ, ROMÁN	8818 12257	Fisioloxía	Fisioloxía	roman.perez.fernandez@usc.gal
PÉREZ POTTI, ANDRÉ		Bioquímica e Biología Molecular	Bioquímica e Biología Molecular	andre.perez@usc.gal
PRIETO BLANCO, XESUS	881813506	Física Aplicada	Óptica	xesus.prieto.blanco@usc.gal
PUNÍN DORRIO, EVA	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	eva.punin@usc.gal
RADZIUNAS SALINAS, YAGO		Física Aplicada	Óptica	yago.radziunas.salinas@usc.gal
REGUEIRO LORENZO, UXÍA	8818 13523	Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	uxia.regueiro.lorenzo@usc.gal
RENDON GONZALEZ, SOFIA	8818 13530	Física Aplicada	Optometría	sofia.rendon.gonzalez@usc.gal
RODRÍGUEZ PALLARES, JANNETTE	8818 15466	Ciencias Morfolóxicas	Anatomía e Embrioloxía Humana	jannette.rodriguez@usc.gal
RODRÍGUEZ PÉREZ, ANA ISABEL	881812464	Ciencias Morfolóxicas	Anatomía e Embrioloxía Humana	ana.rodriiguez@usc.gal
RODRÍGUEZ REQUENA, JESÚS	8818 15464	Medicina	Medicina	jesus.requena@usc.gal
SÁNCHEZ SELLERO, CÉSAR	8818 13208	Estatística, Análise Matemática e Optimización	Estatística e Investigación Operativa	cesar.sanchez@usc.gal
SEGADÉ SOTELO, VÍCTOR		Física Aplicada	Óptica	victor.segade.sotelo@usc.gal
SOUTO PEREIRA, SANDRA	8818 16091	Microbioloxía e Parasitoloxía	Microbioloxía	sandra.souto@usc.gal
TAKKOUCHE SOUILAMAS, EL BAHÍ	8818 12268	Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública	Medicina Preventiva e Saúde Pública	bahi.takkouche@usc.gal
VÁZQUEZ SÁNCHEZ, MARÍA COVADONGA	8818 13521	Física Aplicada	Optometría	mariacovadonga.vazquez@usc.gal
VIEITES PRADO, ALBA	8818 12259	Fisioloxía	Fisioloxía	alba.vieites.prado@usc.gal
YÁÑEZ JATO, MATILDE	8818 14995	Farmacoloxía, farmacia e tecnoloxía farmacéutica	Farmacoloxía	matilde.yañez.jato@usc.gal
YEBRA-PIMENTEL VILAR, EVA	8818 13522	Física Aplicada	Optometría	eva.yebra-pimentel@usc.gal

MÁSTER EN OPTOMETRÍA

Nome	Teléfono	Dpto.	Área	Correo electrónico
ÁLVAREZ LORENZO, CARMEN ISABEL	8818 14877	Farmacoloxía, farmacia e tecnoloxía farmacéutica	Farmacoloxía	carmen.alvarez.lorenzo@usc.gal
ARINES PIFERRER, JUSTO	8818 13509	Física Aplicada	Optometría	justo.arines@usc.gal
BAO VARELA, M ^a CARMEN	8818 13512	Física Aplicada	Óptica	carmen.bao@usc.gal
BARREIRO IGLESIAS, ANTÓN	8818 16949	Biología Funcional	Biología Celular	anton.barreiro@usc.gal
CANDAL SUÁREZ, ROSA	8818 16947	Biología Funcional	Biología Celular	eva.candal@usc.gal
FANDIÑO FERNÁNDEZ, JOSE M	981950808	Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	josemaria.fandino@usc.gal
FERNÁNDEZ FERREIRO, ANXO		Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	anxordes@gmail.com
GARCÍA DOMÍNGUEZ, GONZALO	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	gonzalo.garcia.dominguez@usc.gal
GARCÍA QUEIRUGA, JACOBO	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	Jacobogarcia.queiruga@usc.gal
GARCÍA RESÚA, CARLOS	8818 13515	Física Aplicada	Optometría	carlos.garcia.resua@usc.gal

GIGIREY PRIETO, LUZ M.	8818 13521	Física Aplicada	Optometría	luz.gigirey@usc.gal
GIRÁLDEZ FERNÁNDEZ, M. JESÚS	8818 13526	Física Aplicada	Optometría	mjesus.giraldez@usc.gal
GONZÁLEZ GARCÍA, FRANCISCO	981950808	Cirurxía	Oftalmoloxía	francisco.gonzalez@usc.gal
GONZÁLEZ PEREZ, JAVIER	8818 13537	Física Aplicada	Optometría	javier.gonzalez@usc.gal
FIGUEIRAS GUZMÁN, ADOLFO	8818 12276	Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública	Medicina Preventiva e Saúde Pública	adolfo.figueiras@usc.gal
LAMAS FERNÁNDEZ, JESÚS	8818 16951	Bioloxía Funcional	Bioloxía Celular	jesus.lamas@usc.gal
LEMA GESTO, MARÍA ISABEL	8818 13523	Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	mariaisabel.lema@usc.gal
NOIA GULDRÍS, MANUEL	8818 16948	Bioloxía Funcional	Bioloxía Celular	manuel.guldris@usc.gal
NORES PALMÁS, NOELIA		Física Aplicada	Optometría	noelia.nores@rai.usc.es
OTERO ESPINAR, FRANCISCO JAVIER	8818 14878	Farmacoloxía, farmacia e tecnoloxía farmacéutica	Farmacoloxía	francisco.otero@usc.gal
OTERO LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	8818 13882	Departamento de Psicología Clínica e Psicobiología	Personalidade, Avaliación e Tratamentos psicolóxicos	josemanuel.otero.lopez@usc.gal
PENA VERDEAL, HUGO	8818 13614	Física Aplicada	Optometría	hugo.pena.verdeal@usc.gal
PÉREZ BALADRÓN, ADRIÁN	8818 13624	Física Aplicada	Optometría	adrianperez.baladron@usc.gal
PÍAS PELETEIRO, JUAN MANUEL		Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	juan.manuel.pias.peleteiro@gmail.com
PONTE FERNÁNDEZ, DOLORES	8818 13702	Departamento de Psicología Social, Básica e Metodoloxía	Psicología Básica	dolores.ponte@usc.gal
REGUEIRO LORENZO, UXÍA	8818 13523	Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas	Oftalmoloxía	uxia.regueiro.lorenzo@usc.gal
SABUCEDO VILLAMARÍN, BELÉN	8818 135	Física Aplicada	Optometría	belen.sabucedo@rai.usc.es
SAMPEDRO VIZCAYA, M^{re} JOSÉ	881813794	Departamento de Psicología Social, Básica e Metodoloxía	Psicología Básica	mariajose.sampedro@usc.gal
SÁNCHEZ SELLERO, CÉSAR	8818 13208	Estatística, Análise Matemática e Optimización	Estatística e Investigación Operativa	cesar.sanchez@usc.gal
TAKKOUCHE SOUILAMAS, EL BAHÍ	8818 12268	Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública	Medicina Preventiva e Saúde Pública	bahi.takkouche@usc.gal
VARELA LEMA, MARÍA LEONOR		Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública	Medicina Preventiva e Saúde Pública	leonor.varela@usc.gal
VÁZQUEZ SÁNCHEZ, MARÍA COVADONGA	8818 13521	Física Aplicada	Optometría	mariacovadonga.vazquez@usc.gal
YEBRA-PIMENTEL VILAR, EVA	8818 13522	Física Aplicada	Optometría	eva.yebra-pimentel@usc.gal

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN CON SEDE NO CENTRO

[GI-2092](#) Grupo de Optometría

[GI-1750](#) Grupo de Superficie ocular e lentes de contacto

[GI-1479](#) Grupo de Photonics4life

[GI-1488](#) Grupo de Nanomateriais, fotónica e materia branda

[GI-1484](#) Grupo de Óptica integrada, febras ópticas e metroloxía óptica

**FACULTADE DE ÓPTICA
E OPTOMETRÍA**

SERVIZO DE OPTOMETRÍA
Centro asistencial

O Servizo de Optimetría (SO) da USC, é un centro sanitario acreditado, con número de rexistro C-15-002430, e inscrito no rexistro de Centros, Servizos e Establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia (*segundo o Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, da Consellaría de Sanidade*). Este Servizo, situado na propia Facultade, actúa como Clínica Universitaria para ofrecer unha prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual, polo que proporciona á comunidade universitaria e á sociedade dun servizo especializado de alto nivel nos ámbitos de aplicación da Optimetría. De mesmo xeito, este servizo revirte no alumnado como eixo da formación, que ofrece unha valiosa formación cínica para adquirir as competencias relacionadas co seu futuro exercicio profesional, e unha rápida incorporación ao mercado laboral. De feito, é esencial proporcionar a formación clínica e asistencial necesaria para adaptarse aos criterios do Diploma Europeo. Neste sentido, o Diploma Europeo en Optimetría, establecido polo European Council of Optometry and Optics (ECOO) proporciona unha cualificación axeitada para a práctica clínica optométrica.

O Servizo de Optimetría dispón de todo o equipamento necesario para a realización dunha avaliación visual completa: dous gabinetes onde se realizan as revisións optométricas aos pacientes, unha sala de probas complementarias, un gabinete para a adaptación de lentes de contacto e outro para a rehabilitación visual. A actividade profesional do titulado en Óptica y Optimetría é marcadamente clínica, xa que se trata dun profesional sanitario cuxo exercicio está dirixido á atención primaria da saúde visual da poboación.

<http://www.usc.es/gl/servizos/optometria/>



**FACULTADE DE ÓPTICA
E OPTOMETRÍA**

**SERVIZO PERDA SENSORIAL
DUAL E AUDIOLOXÍA**

Centro asistencial

SERVIZO PERDA SENSORIAL DUAL E- 15-001297

Dual Sensory Loss-USC

Servizo que desenvolve labores de docencia, investigación e asistencia socio -sanitaria para o tratamento das disfuncións visuais e auditivas de nenos e adultos maiores.

Experiencia en:

- Actividade asistencial en nenos de 0-4 anos con disfuncións conxénitas visuais e auditivas.
- Actividade asistencial e de investigación sobre adultos maiores con disfuncións visuais e auditivas en centros residenciais.
- Actividade asistencial e de investigación sobre adultos maiores con trastornos da función cognitiva.
- Aps OPTOMETRÍA SENIOR
- Asistencia á comunidade universitaria.
- Rehabilitación sensorial con audífonos e axudas ópticas.



GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA

Información xeral

**Obxectivos e
Competencias**

Saídas profesionais

Plan de estudos

Mobilidade

Denominación do título: Grao en Óptica e Optometría

Rama de coñecemento: Ciencias da Saúde

Centro onde se imparte: Facultade de Óptica e Optometría

Campus Vida 15782

Santiago de Compostela

Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (DOG 23/09/10)

Data de publicación no BOE: 19 de febreiro de 2011

Data da última acreditación: 18 de xaneiro de 2023

Responsable e coordinador do título: Carlos García Resúa

Periodicidade da oferta: anual

Tipo de ensinanza: Presencial

Réxime de estudo: tempo completo / tempo parcial

Linguas de uso: Castelán - Galego

Título interuniversitario: Non

Universidade coordinadora: Universidade de Santiago de Compostela

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

Obxectivos

O título de Grao en Óptica e Optometría pola USC ten como obxectivo formar titulados en Óptica e Optometría altamente cualificados para o coidado da saúde visual mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas á prevención, detección, avaliación e tratamento das alteracións da visión, que dean resposta ás demandas da sociedade.

Para iso adquirirán os resultados de aprendizaxe dirixidos á realización de exames visuais e oculares, deseño, verificación e adaptación de sistemas ópticos, deseño e desenvolvemento de programas de adestramento visual e deseño e propostas de avances ergonómicas. Todo iso desde o compromiso cos principios éticos e deontolóxicos da profesión de Óptico-Optometrista (<https://coocv.com/codigo-deontologico/>).

Os obxectivos do título, definidos na Orde Ministerial CIN/727/2009, son os seguintes:

1. Coñecer, deseñar e aplicar programas de prevención e mantemento relacionados coa saúde visual da poboación.
2. Realizar exames visuais con eficacia en cada unha das súas fases: anamnesis, elección e realización de probas diagnósticas, establecemento de pronóstico, elección e execución do tratamento e redacción, se procede, de informes de remisión que establezan os niveis de colaboración con outros profesionais, a fin de garantir a mellor atención posible para o paciente.
3. Asesorar e orientar ao paciente e familiares durante todo o tratamento.
4. Ser capaz de reflexionar criticamente sobre cuestións clínicas, científicas, éticas e sociais implicadas no exercicio profesional da Optometría, comprendendo os fundamentos científicos da Óptica-Optometría e aprendendo a valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía da investigación relacionada coa Óptica-Optometría.
5. Emitir opinións, informes e peritaxes cando sexa necesario.
6. Valorar e incorporar as melloras tecnolóxicas necesarias para o correcto desenvolvemento da súa actividade profesional.
7. Ser capaz de levar a cabo actividades de planificación e xestión nun servizo ou pequena empresa no campo da Óptica-Optometría.
8. Ser capaz de planificar e realizar proxectos de investigación que contribúan á produción de coñecementos no ámbito de Optometría, transmitindo o saber científico polos medios habituais.
9. Ampliar e actualizar as súas capacidades para o exercicio profesional mediante a formación continuada.

10. Ser capaz de comunicar as indicacións terapéuticas de saúde visual e as súas conclusións, ao paciente, familiares, e ao resto de profesionais que interveñen na súa atención, adaptándose ás características socioculturais de cada interlocutor.
11. Situar a información nova e a interpretación da mesma no seu contexto.
12. Demostrar a comprensión da estrutura xeral da optometría e a súa conexión con outras disciplinas específicas e outras complementarias.
13. Demostrar e implementar métodos de análise crítica, desenvolvemento de teorías e a súa aplicación ao campo disciplinar da Optometría.
14. Demostrar que posúe coñecementos, habilidades e destrezas na atención sanitaria do paciente.
15. Demostrar capacidade para actuar como axente de atención primaria visual.
16. Demostrar capacidade para participar de forma efectiva en grupos de traballo unidisciplinares e multidisciplinares en proxectos relacionados coa Optometría.
17. Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional, respectando a autonomía do paciente, os seus determinantes xenéticos, demográficos, culturais e socioeconómicos, integrando os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións, aplicando os principios de xustiza social na práctica profesional, nun contexto mundial en transformación.
18. Adquirir a capacidade para realizar unha xestión clínica centrada no paciente, na economía da saúde e o uso eficiente dos recursos sanitarios, así como a xestión eficaz da documentación clínica con especial atención á confidencialidade.

Resultados do proceso de formación e de aprendizaxe definidos na memoria de verificación do título

Coñecementos ou contidos

- Con_1 Coñecer o comportamento dos fluídos e os fenómenos de superficie.
- Con_2 Comprender os fenómenos ondulatorios a partir das oscilacións e das ondas mecánicas.
- Con_3 Coñecer os campos eléctricos e magnéticos até chegar ao campo electromagnético e as ondas electromagnéticas.
- Con_4 Coñecer a estrutura celular, o desenvolvemento embrionario e a organoxénese; e o desenvolvemento do sistema visual.
- Con_5 Recoñecer con métodos macroscópicos e microscópicos a morfoloxía e estrutura de tecidos, órganos e sistemas do corpo humano.
- Con_6 Coñecer e describir macroscópica e microscópicamente as estruturas que compoñen o sistema visual e os anexos oculares.
- Con_7 Coñecer os distintos microorganismos involucrados nas enfermidades do sistema visual.
- Con_8 Determinar a función dos aparellos e sistemas do corpo humano.
- Con_9 Coñecer os principios e as bases dos procesos biolóxicos implicados no funcionamento normal do sistema visual.
- Con_10 Coñecer o proceso de formación de imaxes e propiedades dos sistemas ópticos.
- Con_11 Recoñecer o ollo como sistema óptico.
- Con_12 Coñecer os modelos básicos de visión.
- Con_13 Coñecer a estrutura da materia, os procesos químicos de disolución e a estrutura, propiedades e reactividade dos compostos orgánicos.
- Con_14 Coñecer a composición e a estrutura das moléculas que forman os seres vivos.
- Con_15 Comprender as transformacións dunhas biomoléculas noutras.
- Con_16 Adquirir os coñecementos bioquímicos aplicados ao ollo e ao proceso da visión.
- Con_17 Estudar as bases moleculares do almacenamento e da expresión da información biolóxica.
- Con_18 Coñecer o material e as técnicas básicas de laboratorio.
- Con_19 Comprender os aspectos psicolóxicos na relación entre o óptico-optometrista e o paciente.
- Con_20 Coñecer as técnicas estatísticas indispensables na experimentación en Óptica e Optometría.
- Con_21 Coñecer a propagación da luz en medios isotrópos, a interacción luz-materia, as interferencias luminosas, os fenómenos de difracción, as propiedades de superficies monocapas e multicapas e os principios do láser e as súas aplicacións.
- Con_22 Coñecer os principios, a descrición e características dos instrumentos ópticos fundamentais, así como dos instrumentos que se utilizan na práctica optométrica e oftalmolóxica.

Con_23 Coñecer as propiedades físicas e químicas dos materiais utilizados na óptica e a optometría.

Con_24 Coñecer os procesos de selección, fabricación e deseño das lentes

Con_25 Coñecer as aberracións dos sistemas ópticos.

Con_26 Coñecer os fundamentos e leis radiométricas e fotométricas.

Con_27 Coñecer os parámetros e os modelos oculares.

Con_28 Comprender os factores que limitan a calidade da imaxe retiniana.

Con_29 Coñecer os aspectos espaciais e temporais da visión.

Con_30 Coñecer os parámetros xeométricos, ópticos e físicos máis relevantes que caracterizan todo tipo de lente oftálmica utilizada en prescricións optométricas e saber relacionalos coas propiedades que interveñen no proceso de adaptación.

Con_31 Coñecer as propiedades e funcións dos distintos elementos que compoñen o sistema visual.

Con_32 Coñecer os síntomas das enfermidades visuais e recoñecer os signos asociados ás mesmas. Recoñecer as alteracións que modifican o funcionamento normal e desencadean procesos patolóxicos que afectan á visión.

Con_33 Coñecer as formas de presentación e vías de administración xerais dos fármacos.

Con_34 Coñecer os principios xerais de farmacocinética e farmacodinamia.

Con_35 Coñecer as accións farmacolóxicas, os efectos colaterais e interaccións dos medicamentos.

Con_36 Coñecer os preparados tópicos oculares, con especial atención ao uso dos fármacos que facilitan o exame visual e optométrico.

Con_37 Coñecer os efectos sistémicos adversos máis frecuentes tras a aplicación dos fármacos tópicos oculares habituais.

Con_38 Coñecer as manifestacións das enfermidades sistémicas a nivel ocular.

Con_39 Coñecer os modelos epidemiolóxicos das principais patoloxías visuais.

Con_40 Coñecer as manifestacións dos procesos patolóxicos e os mecanismos polos que se producen as principais enfermidades humanas.

Con_41 Coñecer os mecanismos sensoriais e oculomotores da visión binocular.

Con_42 Coñecer as técnicas actuais de cirurxía ocular e ter capacidade para realizar as probas oculares incluídas no exame pre e postoperatorio.

Con_43 Coñecer as probas instrumentais relacionadas cos problemas de saúde visual.

Con_44 Coñecer as propiedades dos tipos de lentes de contacto e próteses oculares.

Con_45 Coñecer a xeometría e propiedades fisicoquímicas da lente de contacto e asocialas ás particularidades oculares e refractivas.

Con_46 Coñecer o funcionamento da retina como receptor de enerxía radiante.

Con_47 Coñecer os modelos básicos de visión da cor, forma e movemento.

Con_48 Coñecer as modificacións ligadas ao envellecemento nos procesos perceptivos.

Con_49 Coñecer a natureza e organización dos distintos tipos de atención clínica.

Con_50 Coñecer os diferentes protocolos aplicados aos pacientes.

Con_51 Coñecer as técnicas de cribado visual aplicados ás diferentes poboacións.

Con_52 Coñecer as novas tecnoloxías no campo da clínica optométrica.

Con_53 Coñecer os aspectos legais e psicosociais da profesión.

Con_54 Coñecer as axudas ópticas e non ópticas para baixa visión

Con_55 Coñecer os fundamentos e técnicas de educación sanitaria e os principais programas xenéricos de saúde aos que o optometrista debe contribuír desde o seu ámbito de actuación

Con_56 Coñecer as disolucións de mantemento, diagnóstico e tratamento e asocialas a coas características lenticulares e oculares.

Con_86 Coñecer os principios e metodoloxías da Óptica e da Optometría,

Con_87 Coñecer e aplicar as técnicas de fabricación de axudas visuais e instrumentos ópticos e optométricos.

Con_88 Coñecer os diferentes protocolos de actuación en función do paciente.

Con_89 Coñecer as indicacións e procedemento de realización e interpretación das probas complementarias necesarias na consulta de visión.

Con_90 Coñecer os principios de saúde e enfermidade.

Habilidades ou destrezas

HyD_1 Pensar de forma integrada e abordar os problemas desde diferentes puntos de vista con razoamento crítico.

HyD_2 Organizar e planificar o traballo.

HyD_3 Interpretar resultados e identificar elementos consistentes e inconsistentes.

HyD_4 Traballar en equipo.

HyD_5 Manter un compromiso ético, así como un compromiso coa igualdade e a integración conservación e información.

HyD_6 Iniciativa, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións (resiliencia).

HyD_7 Capacidade de organización, planificación e liderado.

HyD_8 Saber analizar datos e interpretar resultados experimentais propios dos ámbitos da Óptica e Optometría.

HyD_9 Saber aplicar as técnicas instrumentais e os protocolos de traballo nun laboratorio, aplicando as normativas e técnicas relacionadas con seguridade e hixiene, xestión de residuos e calidade.

HyD_10 Saber obter, procesar e interpretar información das principais bases de datos (bibliográficas, clínicas), empregar ferramentas bioinformáticas e obter conclusións en temas relacionados coa Óptica e Optometría.

HyD_11 Aplicar os coñecementos adquiridos en establecementos de óptica, clínicas, hospitais e empresas do sector.

HyD_12 Manexar material e técnicas básicas de laboratorio.

HyD_13 Aplicar os métodos xerais da Estatística á Optometría e Ciencias da visión.

HyD_14 Demostrar coñecementos básicos de xeometría e análise matemática.

HyD_15 Ser capaz de manexar as técnicas de centrado, adaptación, montaxe e manipulación de todo tipo de lentes, dunha prescrición optométrica, axuda visual e lente de protección.

HyD_16 Ser capaz de realizar probas psicofísicas para determinar os niveis de percepción visual.

HyD_17 Calcular os parámetros xeométricos, ópticos e físicos máis relevantes que caracterizan todo tipo de lente oftálmica utilizada en prescricións optométricas e saber relacionalos coas propiedades que interveñen no proceso de adaptación.

HyD_18 Manexar as técnicas para a análise, medida, corrección e control dos efectos dos sistemas ópticos compensadores sobre o sistema visual, co fin de optimizar o deseño e a adaptación destes.

HyD_19 Habilidades de traballo en equipo como unidade na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoas relacionados coa saúde visual.

HyD_20 Recoñecer os distintos tipos de mecanismos e procesos fisiopatolóxicos que desencadean as enfermidades oculares.

HyD_21 Aplicar os procedementos e indicacións dos diferentes métodos de exploración clínica e as técnicas diagnósticas complementarias.

HyD_22 Aplicar as técnicas de educación sanitaria e os principais problemas xenéricos de saúde ocular.

HyD_23 Desenvolver habilidades de comunicación, de rexistro de datos e de elaboración de historias clínicas.

HyD_24 Adquirir destreza nas probas instrumentais de avaliación das funcións visuais e de saúde ocular.

HyD_25 Habilidade para prescribir, controlar e facer o seguimento das correccións ópticas.

HyD_26 Deseñar, aplicar e controlar programas de terapia visual.

HyD_27 Aplicar e interpretar as probas instrumentais relacionadas cos problemas de saúde visual

HyD_28 Aplicar axudas ópticas e non ópticas para baixa visión.

HyD_29 Utilizar protocolos clínicos e instrumentais na exploración asociada á adaptación de lentes de contacto.

HyD_30 Aplicar os procedementos clínicos asociados á adaptación de lentes de contacto ante diferentes disfuncións refractivas e oculares.

HyD_31 Aplicar técnicas de modificación controlada da topografía corneal co uso de lentes de contacto. Detectar, valorar e resolver anomalías asociadas ao porte de lentes de contacto.

HyD_32 Medir e interpretar os datos psicofísicos obtidos na avaliación da percepción visual.

HyD_33 Adquirir as habilidades clínicas necesarias para o exame e tratamento de pacientes.

HyD_34 Aplicar técnicas de cribado visual aplicados ás diferentes poboacións.

HyD_35 Aplicar as novas tecnoloxías no campo da clínica optométrica.

HyD_36 Aplicar técnicas de rehabilitación sobre pacientes reais.

HyD_52 Habilidade para a aplicación práctica dos principios e metodoloxías da Óptica e da Optometría.

HyD_53 Aplicar as técnicas de montaxe de correccións ou compensacións visuais en lentes e posible retoque de lentes de contacto.

HyD_54 Tomar contacto coa comercialización dos produtos, aprovisionamento, almacenaxe,

Competencias

Comp_1 Que o estudiantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.

Comp_2 Que o estudiantado sexa capaz, tanto por escrito como de forma oral, de debater e de transmitir información, ideas, problemas e solucións relativos á Óptica e Optometría a un público tanto especializado como xeral non especializado.

Comp_3 Que o estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Comp_4 Que o estudiantado saiba aplicar os coñecementos teóricos-prácticos adquiridos no grao dunha forma profesional e sexan competentes na formulación/resolución de problemas, así como na elaboración/defensa de argumentos tanto en contextos académicos como profesionais relacionados coa Óptica e Optometría.

Comp_5 Capacidade de aprender de forma autónoma, de traballar en equipo, de organizar o tempo e os recursos, e de adquirir novos coñecementos e técnicas en Óptica e Optometría.

Comp_6 Apreciar claramente as implicacións éticas, sociais, económicas e ambientais da actividade profesional a desenvolver, así como coñecer e aplicar criterios de avaliación de riscos.

Comp_7 Capacidade para xerar experiencias óptimas para a saúde e o benestar

Comp_8 Capacidade para o cálculo dos parámetros xeométricos de sistemas de compensación visual específicos: baixa visión, lentes intraoculares, lentes de contacto e lentes oftálmicas.

Comp_9 Detectar e valorar os principais trastornos oftalmolóxicos, co fin de remitir aos pacientes ao oftalmólogo para o seu estudo e tratamento.

Comp_10 Interpretar e aplicar xuízo clínico dos resultados das probas visuais, para establecer o diagnóstico e o tratamento máis axeitado.

Comp_11 Realizar unha anamnesis completa.

Comp_12 Medir, interpretar e tratar os defectos refractivos.

Comp_13 Adaptar lentes de contacto e próteses oculares na mellora da visión e o aspecto externo do ollo.

Comp_14 Examinar, diagnosticar e tratar anomalías visuais pondo especial énfase no diagnóstico diferencial.

Comp_15 Identificar e analizar os factores de risco medioambientais e laborais que poden causar problemas visuais.

Comp_16 Actuar como axente de atención primaria visual.

Comp_17 Medir, interpretar e tratar as anomalías acomodativas e da visión binocular.

Comp_18 Capacidade para exercer a profesión con respecto á autonomía do paciente, ás súas crenzas, cultura, determinantes xenéticos, demográficos e socioeconómicos, aplicando os principios de xustiza social e comprendendo as implicacións éticas nun contexto mundial en transformación.

Comp_22 Realizar o protocolo de atención a pacientes na consulta/clínica optométrica.

Comp_23 Realizar unha historia clínica axeitada ao perfil do paciente.

Comp_24 Seleccionar e aplicar correctamente en cada caso todas as destrezas, habilidades e competencias adquiridas en Optometría.

Comp_25 Comunicar e informar ao paciente de todos os actos e probas que se van a realizar e explicar claramente os resultados e o seu diagnóstico.

Comp_26 Fomentar a colaboración con outros profesionais sanitarios.

Comp_27 Realizar actividades clínicas relacionadas coa refracción, exploración visual, adaptación de lentes de contacto, adestramento visual e baixa visión.

Esta titulación capacita para exercer a profesión de óptico-optometrista, de acordo con:

- Ley 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación de las profesiones sanitarias (BOE nº 280, de 22 de noviembre de 2003).
